




**CONCELLO
DE FRADES**



Actividades de Verán 2018

XUÑO

APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL



DÍA: venres 22 de xuño

HORARIO PISCINA

De luns a venres
de 15:30 a
20:30h.

Sábado e
domingo de 13:30
a 20:30h.

Entrada gratuíta.

Preferencia
empadroados/as
en Frades.

DEPOR CAMPUS

Lugar: Campo de fútbol de Ordes

Data: Do 25 ao 29 de xuño

Horario: De 10:00 a 14:00 horas

Contido: Xornadas de adestramento e diversión cos adestradores do Real Club Deportivo.

O prazo de inscrición remata o xoves anterior ao campus ás 12:00 horas.

Máis información no Concello, en www.deporcampus.rcdeportivo.es ou no teléfono **636 470 200**.

Colabora a Mancomunidade de Concellos da comarca de Ordes.



XULLO

XOVES DE PRAIA

Días: 5, 12, 19 e 26

Lugar: Praia de Boiro, ou de similares condicións.

Prezo: 7€ por día / 25€ mes completo – Nenos/as ata 12

anos: 5€ por día. Non empadroados/as 10€ día/32€ mes completo

*Poderanse reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída. Non se cobrará no autobús. O percorrido do bus será o de anos anteriores. Preferencia empadroados/as.



CAMPIONATO MUNICIPAL DE PESCA

Día: Sábado 7 de xullo

Lugar: Área recreativa do río Maruzo de Céltigos

Hora: A partir das 10:00 h.

Idades: Menores de 16 anos. Os/as menores terán que ir acompañados/as por unha persoa adulta. Os/as participantes deberán ir provistos/as de cana e cebo.

*Actividade gratuíta. Entrega de agasallos aos/as participantes e merenda. Anortarse no Concello antes do venres 6 de xullo. Colabora Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.



DÍA DO/A NENO/A

Día: Sábado 7 de xullo

Horario: A partir das 16:00 h.

Lugar: Piscina municipal

Actividades: Inchables, O Circo dos Trebellos (os outros garabatos), tren turístico, festa da espuma, lambetadas e outras sorpresas.

Ás 18:00 h. Espectáculo musical de PACO NOGUEIRAS "BRINCA VAI".

Merenda para todos os nenos e nenas. Actividade gratuíta.

Colabora



**Deputación
DA CORUÑA**



CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN / CONCILIACIÓN



Datas: Do 9 de xullo ata o 10 de agosto. **Horario:** de 9:30 a 13:30 h. **Idades:** Maiores de 4 anos (en idade escolar). **Lugar(es):** CPI de Ponte Carreira e instalacións municipais (piscina, campo de fútbol, pavillón...) Data límite para anotarse: Martes 3 de xullo. Tempo mínimo de inscrición 15 días. É necesario xuntar un grupo mínimo. Preferencia empadroados/as en Frades

Actividades: Xogos, obradoiros, experimentando coa ciencia, Masterchef, xardinería, festas fin de quincena, sendeirismo, piscina, festa da auga, actividades deportivas, contacontos, xogos en inglés...

Prezo: 1ª quincena: 25€ empadroados/as 35€ non empadroados/as. 2ª quincena: 25€ empadroados/as 35€ non empadroados/as. Mes completo 50€ empadroados/as 70€ non empadroados/as. Última semana: 12€ empadroados/as 17€ non empadroados/as. Desconto 2º irmán/á : 20% - 3º irmán/á: 50%

Anotarse no Concello antes do 2 de xullo

Colabora:



**XUNTA
DE GALICIA**

EXCURSIÓN INFANTIL A ECOPARQUE ATALAIA (PONTEVEDRA)

Data: Sábado 14 de xullo

Lugar: Cotobade (Pontevedra)

Horario: Saída dende o Concello ás 9:30

Prezo: 20€ empadroados/as 25€ non empadroados/as (preferencia empadroados/as)

Comida incluída

Actividades: Pola mañá realizarán un bautismo hípico (coidados e paseo en cabalo) e unha actividade na que os nenos e nenas serán granxeiros por un día, seguidamente a comida e pola tarde unha xincana de xogos (xogos de probas en varios ambientes).

Os/as menores de 5 anos deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta. De 6 a 18 poderán ir sós con autorización do/a pai/nai ou titor/a.

Recomendacións: Deberase levar roupa e calzado cómodo. Merenda (optativa).

Para as persoas adultas (comida e visita guiada con ruta de sendeirismo).

O Concello subvenciona o transporte e parte da actividade.



EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA



Día: Venres 27 de xullo. **Prezo:** 0 a 4 anos gratuíto, resto 5€ empadroados/as – 8€ non empadroados/as.

Horario: Saída do Concello ás 13:00 h. e volta ás 20:00 h. da tarde (levar comida). O Concello subvenciona o transporte. Actividade para todas as idades. Anotarse no Concello antes do 20 de xullo.

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "MAIMIÑO"


Data: Venres 27 de xullo. **Horario:** 22:00h. **Lugar:** Praza pública de Ponte Carreira. Actividade gratuíta. Para todos os públicos. (En caso de choiva aprazarse). Anotarse no Concello antes de ese día.

Colabora



EXCURSIÓN OU RUTA DE SENDEIRISMO FRAGAS DO EUME (AS PONTES)

Día: Sábado 28 de xullo. **Horario:** Saída ás 9:00 do Concello. **Prezo:** 10€. **Dificultade:** Fácil. **Lonxitude:** 11 km aprox. **1ª OPCIÓN:** Visita libre polas Fragas do Eume onde poderán ver o Mosteiro de Caaveiro e a Ponte colgante de Fornelos entre outros. **2ª OPCIÓN:** Ruta de sendeirismo onde



pasaremos polos

seguintes puntos: Pobo de Pontedeume, Mosteiro de Caaveiro, Ponte de Sta. Cristina, Río Eume, Río Senín e Ponte colgante de Fornelos entre outros.

Comida no parque e pola tarde faremos unha visita ao lago das Pontes. **Recomendacións:** Botas de sendeirismo ou calzado deportivo, roupa cómoda, protector solar e mochila con auga e algo para comer a media mañá (froita, froitos secos, bocadillo...). As persoas participantes deberán levar a comida. Data límite para anotarse 20 de xullo. Reserva de asento por orde de inscrición

Preferencia empadroados/as no concello de Frades.

OS BOLECHAS E O AMIGO MONTE

Data: 25 de xullo. **Horario:**

18:00 h. **Lugar:** Centro sociocultural de Galegos.

Contido: Trátase dun espectáculo de monicreques manipulados por actores á vista onde interactúan cos nenos e nenas para, con ton de humor, conciencialos/as da necesidade de coidar os montes para a prevención de Dincendios. Actividade gratuíta.

Colabora FalaRedes



XUNTA
DE GALICIA

AGOSTO

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "COCO"



Data: Venres, 3 de agosto

Lugar: Campo de fútbol do Abellá

Horario: 22:00h

Contido: proxección da película infantil "Coco"

Actividade gratuíta. (En caso de choiva aprazarase).

Anotarse no Concello antes de ese día.

XOVES DE PRAIA

Días: 2,9,16,23 e 30 (5 días) **Lugar:** Praia de Boiro ou de similares condicións

Prezo: 7€ por día / 30€ mes completo – Nenos/as ata 12 anos: 5€ por día

Non empadroados/as 10€ día/40€ mes completo

*Poderanse reservar días ou meses completos como máximo o martes anterior a cada saída. Non se cobrará no autobús. O percorrido do bus será o de anos anteriores. Preferencia empadroados/as.



RUTA DE SENDEIRISMO OS PASOS DE AIAZO

Data: Sábado 4 de agosto. **Horario:** De mañá.

Lugar: Área recreativa Os Pasos. Ruta do Tambre.

*Actividade gratuíta con sorpresas para os/as participantes. Organiza AVV "Os Pasos". Colabora: Concello de Frades. Para todas as idades. Interesados/as en participar poñerse en contacto cos membros da asociación.



CAMPUS DE FÚTBOL MUNICIPAL



Aprendizaxe con xogos e partidos.

Data: Do 7 ao 10 de agosto.

Lugar: Campo de fútbol municipal de Abellá.

Horario: de 10:00h. a 13:00h. **Idades:** de 5 a 13 anos.

Prezo: 5€ empadroados/as – 10€ non empadroados/as. Deberá haber grupo mínimo para realizar a actividade.

NOITE DE CINE AO AIRE LIBRE "CANTA"

Data: Venres 10 de agosto.

Lugar: Praza pública de Ponte Carreira.

Horario: 22:00 horas.

Contido: Proxección da película infantil "Canta".

Actividade gratuíta (en caso de choiva aprazarase).

Anotarse no Concello antes de ese día.

Colabora



Deputación
DA CORUÑA



EXCURSIÓN AO ÉZARO E MUROS



Data: Sábado 11 de agosto.

Horario: Saída ás 9:00 do concello.

Contido: Visitaremos a cascada do Ézaro e o seu mirador, Monte Pindo, Muros e Louro entre outros.

Prezo: 25€ empadroados/as - 30€ non empadroados/as. Nenos/as ata 12 anos (incluídos) 15€. Preferencia empadroados/as. Xantar incluído.

Anotarse antes do 3 de agosto.

MARATÓN DE FÚTBOL 7 INTERPARROQUIAL

Data: Domingo 12 de agosto

Lugar: Campo de fútbol municipal de Abellá

Trofeos para todos os participantes

O equipo gañador levará unha cea nun restaurante do concello.



FESTA DA AUGA



Data: Sábado 18 de agosto. **Horario:** A partir das 16:00h. **Lugar:** Piscina municipal. **Actividades:** Inchables acuáticos, tobogán de auga, festa da espuma e outras sorpresas. Actividade gratuíta.

DÍA DA BICICLETA

Data: Sábado 25 de agosto. **Horario:** A partir das 11:00h. **Idades:** Todas as idades. **Lugar:** Praza pública de Ponte Carreira.

Farase unha ruta polo Concello.

Uso obrigatorio de casco.

É necesario anotarse previamente no Concello antes do 20 de agosto.

Agasallos para todas as persoas participantes.



CAMPIONATO DE PÁDEL



Data: Sábado 25 de agosto. **Horario:** A partir das 16:00h.

Lugar: Piscina municipal. **Inscripción:** Gratuíta. É necesario anotarse previamente no Concello antes do 20 de agosto. Premios especiais para finalistas

SETEMBRO

EXCURSIÓN OU CAIAC ILLA DE CORTEGADA (CARRIL-PONTEVEDRA)

Data: 15 de setembro. **Horario:** Saída ás 8:00 dende o Concello. **Contido:**

MAÑÁ

1ª opción: Ruta en caiaç á Illa de Cortegada, visita guiada e volta en caiaç.

2ª opción: Traslado en lancha e visita guiada á Illa de Cortegada.

TARDE

Comida en Carril e Visita a Arnoia.

Prezo: 25€ empadroados/as - 30€ non empadroados/as. Nenos/as ata 12 anos (incluído) 20€ empadroados/as - 25€ non empadroados/as. Xantar incluído. Anotarse antes do 4 de setembro. Prazas máximas 55 persoas, preferencia empadroados/as. Reserva do número de asento e praza por orde de inscrición.



EXCURSIÓN DE 3 DÍAS A LISBOA (PORTUGAL)



Data: 21-22 e 23 de setembro

Percorrido: Visita ás cidades de Lisboa, Estoril, Cascais, Nazaré e Sintra entre outras

Prezo: 175€ empadroados/as - 200€ non empadroados/as. Nenos/as ata 12 anos (incluído) 125€ empadroados/as - 150€ non empadroados/as. (Pensión completa).

Anotacións no concello dende o 30 de xullo ata o 5 de setembro.

Reserva do nº de asento e praza por orde de inscrición. Prazas máximas 55 persoas, preferencia empadroados/as.

OUTRAS ACTIVIDADES

CAMIÑO DE SANTIAGO A FISTERRA (4 ETAPAS) 89,3 km SANTIAGO - FISTERRA

Data: 1ª etapa día 6 de outubro (o resto das etapas serán ao longo do ano, sempre en sábados)

Itinerario: Dende Santiago ata Fisterra en 4 etapas

Saída: Dende o Concello ás 8:00 (primeira etapa), o resto das etapas o horario será a determinar segundo etapa). O autobús levará as persoas participantes ao inicio da etapa e recolleraas no lugar de chegada.

1ª ETAPA: Santiago de Compostela - Negreira (21 km)

2ª ETAPA: Negreira – Olveiroa (33,4 km)

3ª ETAPA: Olveiroa – Cee (19,5 km)

4ª ETAPA: Cee – Fisterra (15,4 km)

As etapas faranse os sábados ao longo do ano dependendo da meteoroloxía.

O Concello poderá facer modificacións nas etapas co fin de lograr un mellor desenvolvemento da actividade.

Prezo: 10€ persoa.

Deberase levar comida (posibilidade de organizar as comidas nun restaurante para as persoas participantes).

É necesario formar un grupo mínimo de 20 persoas para o desenvolvemento da actividade.



EXCURSIÓN A MADRID E MUSICAL “EL REY LEÓN”

Data: Venres 7, sábado 8 e domingo 9 de decembro

Lugar: Madrid


Prezo: 265€ adultos/as. Menores de 4 anos: 200€. Cobrarase o 30% do importe antes do 21 de setembro. (non reembolsable no caso de cancelación)

Contidos:

Saída o venres pola mañá, pola tarde visita a varias zonas de Madrid. O sábado tour panorámico pola cidade e pola tarde no Teatro Lope de Vega desfrutaremos do espectáculo musical “El Rey León”. O domingo visita ao Parque Europa, tempo libre e regreso á casa.

Anotacións no concello dende o 23 de xullo ata o 14 de setembro.

Reserva do nº de asento e praza por orde de inscrición. Prazas máximas 55 persoas, preferencia empadroados/as.



CHARLA CONTRA O CÁNCER

Data: Luns, 8 de outubro. **Lugar:** Multiúsos de Frades. **Hora:** 17:00h

Ponente: Marcos Calvo Martínez como psicólogo da A.E.C.C.

Asistentes: Persoas interesadas en xeral.



CURSOS DE VERÁN

CURSOS DE NATACIÓN

Data: Comezo o 9 de xullo e remate o 24 de agosto

Lugar: Piscina municipal

Prezo: Nenos/as maiores de 4 anos: 15€. Non empadroados/as: 25€. Adultos/as (maiores de idade): 25€. Non empadroados/as 35€

Horario: 3 días por semana en horario de 14:30 – 16:00 h.

Grupo de adultos/as e de nenos/as.

Necesario xuntar un grupo mínimo de 10 persoas.

Anotarse antes do 5 de xullo.

O Concello subvenciona parte da actividade.



CURSO DE PATINAXE



Data: Meses de xullo e agosto. **Lugar:** Pavillón municipal de Frades. **Prezo:** 18€ curso completo (o concello subvenciona a outra parte da actividade). **Horario:** os martes en horario de 16:30 – 18:00 h. **Comezo:** 3 de xullo. **Contido:** Clases de técnica de iniciación e perfeccionamento. Grupo único de adultos/as e de nenos/as. Necesario xuntar un grupo mínimo de 15 persoas. Anotarse antes do 29 de xuño. O Concello subvenciona parte da actividade.

CURSO DE PILATES

Duración: Meses de xullo e agosto

Lugar: Pavillón Municipal de Ponte Carreira e Abellá

Horario: Luns e mércores de 21:30 a 22:30 (Ponte Carreira).

Comezo o 2 de xullo

Martes e venres de 22:00 a 23:00 (Abellá).


Comezo o 3 de xullo

Prezo: 1 día á semana: 12€ curso completo (non empadroados/as 15€)

2 días á semana: 24€ curso completo (non empadroados/as 30€)

Grupo mínimo 15 persoas. Anotarse antes do 29 de xuño

O Concello subvenciona parte da actividade.



AGUAGYM (XIMNASIA NA AUGA)

Duración: Do 16 de xullo ao 17 de agosto.

Lugar: Piscina municipal.

Prezo: 10€ persoa.

Horario: de 20:30 a 21:30. 2 días por semana (a determinar unha vez se forme grupo).

Grupo mínimo de 15 persoas.



CURSOS DE FORMACIÓN


MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS

Destinatarios: Toda persoa que, pola súa actividade laboral, interveña nalgũa das fases polas que pasan os alimentos: preparación, fabricación, transformación, envasado, transporte, distribución, manipulación, venda, subministración e servizo.

Lugar: Multiúsos municipal de Frades.

Prezo: 20€ persoa.

Horario: A determinar unha vez que se forme grupo.



Manipulador de alimentos

PREPARACIÓN PARA AS PROBAS DE GRADUADO EN ESO

CONVOCATORIA EN SETEMBRO

Lugar: Multiúsos municipal de Frades.

Idades: maiores de 18 anos.

Mais información no Concello.



CURSO DE INFORMÁTICA

Contidos: Internet (navegación, correo electrónico, redes sociais...), paquete básico de Office (Word, Excel, Access, Powerpoint)

Obxectivo: Formación personalizada

Lugar: Aula informática municipal

Frecuencia: 2 días por semana, 2h ao día

Prezo: 20€ por mes, non empadroados/as 30€ por mes

Duración: 50 horas

Asistentes: 10 alumnos/as



HORTA ECOLÓXICA (3ª EDICIÓN)

Contidos: Neste curso coñeceremos as plantas e as súas funcións. Tamén as propiedades do solo, como conservalas, control de pragas e enfermidades, malas herbas, aprender a realizar fertilización e coñecer as rotacións dos cultivos máis importantes.

Lugar: Multiúsos municipal.

Prezo: 40€

Duración: 30 horas

Horario: A

convir unha vez se forme grupo

Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25



PODA EN VERDE (2ª EDICIÓN)

Contidos: Xeneralidades da poda en verde, técnicas básicas da poda, especies máis comúns e a súa poda (froiteiras, hortalizas, ornamentais,...)

Lugar: Multiúsos municipal

Prezo: 20€ **Duración:** 16 horas **Horario:** Sábados de 10:00 a 12:00h.

Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25
Data de comezo setembro cando se forme grupo



PLANTAS AROMÁTICAS E MEDICINAIS (3ª EDICIÓN)

Contidos: Os principios activos, partes útiles das plantas, (perexil, romeu, alfabaca, tomiño, menta, ourego, salvia...) Cultivo, recolección e conservación. Usos e aplicacións

Lugar: Multiúsos municipal

Prezo: 20€. **Duración:** 16 horas.

Horario: Sábados de 10:00 a 12:00h.

Grupo mínimo de 20 alumnos/as e máximo de 25

Data de comezo setembro cando se forme grupo

CURSOS A PARTIR DO MES DE SETEMBRO

- MOZO/A DE ALMACÉN
- CARRETILLEIRO/A
- XARDINERÍA
- CURSO DE XADREZ
- NUTRICIÓN E DIETÉTICA
- APICULTURA
- CESTERÍA
- ARTE FLORAL
- BENESTAR ANIMAL
- APICULTURA
- CESTERÍA
- ARTE FLORAL
- BENESTAR ANIMAL



NOTAS RECORDATORIAS



BONIFICACIÓN DO IBI PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

Se vostede é un dos/as veciños/as que tivo a bonificación durante o ano 2017 non ten que solicitala de novo, esta bonificación estará vixente mentres manteña a actividade. É obriga das persoas beneficiarias comunicar calquera cambio substancial na situación que dá orixe á bonificación (cese de actividade, modificación de titularidade etc) Só terán que pasar polo concello aquelas persoas ás que se lles denegara e agora cumpran os requisitos para achegar a documentación ou aquelas persoas que inician a actividade agrogandeira.

MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO

MEDIO AMBIENTE - PUNTO LIMPO DE FRADES

Horario: Os mércores de 16:00 a 20:00 e sábados de 12:00 a 16:00.

Lugar: Ao lado do local social de Céltigos (no lugar de Alemparte).

Depósito de residuos: gratuíto para todos os veciños e veciñas dos concellos de Frades e Mesía.

Para máis información sobre o tipo de residuos que se poden depositar no punto limpo chamar ao Concello.

RESIDUOS VOLUMINOSOS

(Electrodomésticos e ferros). A recollida faise os primeiros mércores de cada mes.

Nota importante: Por favor depositar estes residuos o día antes da recollida ao lado dos contedores habituais.

RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

Depositálos no punto limpo situado en Céltigos ao lado do local social. Hai que entregalos perfectamente pregados e atados. Os plásticos non se poden depositar nin dentro nin ao lado dos colectores das parroquias, xa que o servizo de recollida non se fai cargo deles.

Nota importante: Poderanse recoller os plásticos nas explotacións sempre e cando chamen antes ao Concello.

XESTIÓN DE ENVASES FITOSANITARIOS BALEIROS

Lémbrese que está prohibido queimar ou depositar nos colectores os envases baleiros de produtos fitosanitarios de uso agrario, tales como: herbicidas, insecticidas...

Deberán ser lavados e entregados nalgún establecemento de venda de produtos deste tipo para o seu tratamento.

COLECTOR DE RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO DOMÉSTICO

Existen 3 colectores para a recollida de aceite de uso doméstico nos seguintes puntos do concello: Praza de Ponte Carreira, campo de fútbol de Abellá e Casa do Concello.

COLECTOR DE ROUPA

Existen tres colectores de recollida de roupa e calzado. Están situados na praza do Concello, na praza de Ponte Carreira e xunto ao campo de fútbol de Abellá.

SEPARACIÓN DE REFUGALLO

Á hora de tirar o lixo é importante separar e reciclar nos colectores que existen no noso concello para este fin (azul para cartón, amarelo para envase de plástico e iglú verde para o vidro).

ACCESOS ÁS LEIRAS PARTICULARES

Infórmase que en ningún caso os accesos ás leiras interromperán ou modificarán as recorregadas das gabias. Para mellor conservación das pistas municipais e así beneficiarnos todos e todas, lembramos a obrigatoriedade de colocar tubos coas medidas adecuados nas entradas das leiras.

DISTANCIAS MÍNIMAS EN PLANTACIÓNS FORESTAIS

Informamos á veciñanza que segundo o anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, as distancias mínimas que deben respectar as repoboacións forestais, en función das especies das que se trate, son as seguintes:

	FRONDOSAS (amieiros, bidueiros, castiñeiros, carballos, loureiros, nogueiras...)	RESTO DE ESPECIES (eucaliptos, piñeiros, acacias...)
Estradas convencionais Nacional N-634 (Santiago-Curtis) Estrada autonómica AC-524 (Ordes-Lanzá) Estradas provinciais DP-3801, DP-3802 (Ordes- Ponte Carreira e Frades-Sigüeiro)	4 m	10 m
Pistas locais e forestais municipais	2 m	4m
Vivendas, solo urbano, núcleos rurais	15 m	50 m

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, dende a aresta exterior da gabiá. O non cumprimento da Lei constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar á obriga de reparar o dano causado así como ao pago dunha multa sancionadora.

Máis información no Concello.

- HABERÁ QUE ANOTARSE NO CONCELLO PARA TODAS AS ACTIVIDADES CUNHA SEMANA DE ANTELACIÓN.
- PARA TODAS AS ACTIVIDADES DEBERÁ HABER UN GRUPO MÍNIMO DE ASISTENTES.
- NO CASO DE NON XUNTARSE GRUPO, AS ACTIVIDADES PODERÁN SER CANCELADAS.

PERCORRIDO DO AUTOBÚS PARA OS XOVES DE PRAIA: A Garabanxa, Vista Alegre (Galegos), Cardamo (Moar), Estrada (Aiazo), A Coviña (Ponte Carreira), Campoduro (Céltigos), O Campo (Vitre), A Igrexa (Papucín) e A Igrexa (Abellá).

FEIRAS EN FRADES:

Pontecarreira: 12 e 26 de cada mes. **Abellá:** 1º venres de cada mes.

FESTAS VERÁN:

Abellá: 2 de xuño (Corpus), 15 xullo (Carmen)

Mesos: 20 xullo (Sta. Margarita)

Galegos: 25 de xullo (Carmen)

Frades: 22 de xullo (Madalena), 8 setembro (S. Nicolao), 29 setembro (S. Miguel)

Gafoi: 18 e 19 de xullo (Sta. Mariña)

Aiazo: 30 de xuño e 1 de xullo (S. Pedro e Corpus), 19 de agosto (S. Roque)

Moar: 16 xullo (Carmen), 2 setembro (S. Roque)

Vitre: 24 e 25 xuño (S. Xoan), 1 setembro (Nosa Sra. das Virtudes)

Céltigos: 9 setembro (Nosa Sra. de Augasantas)

Ledoir: 5 de agosto (Carmen)

Añá: 23 xuño (S. Paio), 15 e 16 de agosto (Sta. María)

Papucín: 5 de maio (Santa Cruz), 15 e 16 agosto (Sta. María)



COLABORA:

Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO
DE FRADES



**MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS
NO CONCELLO DE FRADES**

981 695 567 - 981 695 663

www.concellodefrades.es

